

# ¡Empezamos o ano ...!

## CONTIDO:

Cea de peñas barcelonistas

Resultado concurso postales

## Cea de Peñas Barcelonistas:

Estimados amigos.

En primeiro lugar, dicir que esperamos que empezádes ben este novo ano, do que desexamos que no tema futbolístico siga como rematou o 2.011, gañando títulos e dando espectáculo. Quedan moitas emocións por vivir e esperamos estar todos xuntos para disfrutalas.

Empezamos ano, e a peña sigue coas actividades. Nesta ocasión, e como xa se comentara no pasado boletín e na cea de Nadal, comentar que se está a organizar unha cea baile entre toda-las peñas barcelonistas da zona. Xa están confirmadas as peñas de Burela, Mondoñedo, Ribadeo, Navia, Vegadeo e a nosa.

Contamos que entre todas as peñas, reunamos unhas 150 - 200 persoas na cea, así que nos gustaría que a nosa peña nesta ocasión aportase un bo número de socios e simpatizantes.

Pasamos a detalla-los datos da cea.

Terá lugar o sábado 11 de febreiro de 2.012, no Restaurante O Asador, de Barreiros, a partir das 22.00 horas, e ata que o corpo aguante.

O menú estará composto por:

- Tabla de Ibéricos

- Langostinos á prancha
- Tenreira e cordeiro
- Milfollas e bola de helado
- Café e chupiño
- Barra libre durante o baile

O prezo por persoa será de 40,00 € para socios das peñas e 45,00 € para non socios.

Comentar que haberá servizo de autobuses gratuitos con varias liñas, dende Burela, Navia e Mondoñedo.

Dicir igualmente que os socios da nosa peña que acudan a esta cea terán un agasallo por parte da mesma.

Para apuntarse o prazo remata o día 21 de xaneiro, sendo necesario merca-las tarxetas para a cea antes desta data.

Para iso, podedes chamar ó teléfono da peña.

Dende a directiva da peña, só nos queda animarvos a participar, sós ou coas vosas parellas.

Debemos dar unha imaxe de peña unida e participativa e pensamos que esta será unha boa oportunidade para manter contactos con socios doutras peñas e doutros pobos que comparten unha mesma paixón, o Barça. Todo isto ademais do disfrute dunha boa comida e dunha festa que nos pode traer sorpresas e bos momentos.

**¡Agardamos a vosa participación!**



## Concurso de postales:

Pasamos a detalla-los gañadores do II Concurso de postales de Nadal organizado pola peña.

Nesta ocasión, dicir que participaron máis de 300 nenos e adultos e que a exposición foi visitada por un número de público aceptable.

Os gañadores foron:

Alex Gil García, de 5 anos, do CEIP de Barreiros.

Victor Manuel Veiga Gonçalves, de 7 anos, do CEIP de San Miguel de Reinante.


Noa Otero Palacios, de 9 anos, do CEIP San Miguel de Reinante.

Sofía Da Costa Amor, de 11 anos, do CEIP Barreiros.

Natalia García Rodríguez, que se presentaba por independente.

Xavier Iriarte Álvarez, de 5 anos da SD Ribadeo e que gañou no apartado de postal barcelonista.

Nesta edición houbo un gran nivel nas postales.



## A nosa tenda:



CAMISETA TEMPORADA 2.010-11 - 10,00 €



GORRA - 6,00 €



BANDERÍN 3,00 €



BUFANDA - 12,00 €



CAMISETA HISTORICA. ÚLTIMAS UNIDADES  
40,00 €

# BOLETÍN INFORMATIVO

San Miguel de Reinante, a 9 de xaneiro de 2.012 - Nº 25



*Peña Barcelonista San Miguel*

*Souto nº 66*

*San Miguel de Reinante*

*27793 (Lugo)*

*Peña 1.194*

*Fundada en 1.997*

*<http://www.penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>*